

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 27 de MARZO de 2015**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, 27 de marzo de 2015, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 2/15, do 27 de febreiro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 3051 á nº 5.200, de 2015.](#)

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de xénero e Normalización lingüística

[3.-Aprobación do convenio coa Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga \(ACLAD\) para financiar o “Programa de atención a enfermos con patoloxía dual”.](#)

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

[4.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Parrulo Fútbol Sala para financiar actividades do primeiro equipo e potenciar as categorías base do club.](#)

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

[5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña para financiar o proxecto “Forum Gastronómico 2015”.](#)

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

[6.-Aprobación inicial da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015.](#)

[7.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2015, segunda fase.](#)

[8.-Cambio de titularidade \(mutación demanial subxectiva\) a favor do Concello de Carballo do tramo da estrada provincial DP 1905 Carballo á Feira de Verdillo comprendido entre os puntos quilométricos 0,000 ao 0,540.](#)

[9.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais, 2ª fase.](#)

[10.-Resolución das alegacións presentadas á aprobación provisional da terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2014.](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

[11.-Aprobación definitiva do expediente de alteración do cambio de cualificación da parcela nº 2 do Polígono de Sabón.](#)

12.-Aprobación dun convenio de colaboración co Concello de Coristanco para financiar a adquisición dunha parcela na parroquia de Traba.

13.-Ratificar a Resolución da Presidencia número 3964, do 9 de marzo de 2015, pola que se acepta a desistencia formulada pola UTE EULEN-GEST TEATRO COLÓN en relación coa solicitude de resolución de contrato de xestión do Teatro Colón.

14.-Ratificar a Resolución da Presidencia do 12 de marzo de 2015 pola que se modifica a composición da Mesa de Contratación permanente da Deputación Provincial da Coruña, designada por Resolución 15036 do 12.08.2011.

15.-Cesión do material existente destinado a tarefas de mantemento do Polígono Industrial de Sabón ao Concello de Arteixo.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

16.-Aprobación do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015.

17.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Abegondo para o financiamento das obras de “Vestuario e iluminación de campo de fútbol no Monte, Mabegondo”.

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para o financiamento das obras de “Acondicionamento ambiental e posta en valor do borde litoral de Cabana de Bergantiños: tramo Orixeira – O Curro”.

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Capela para o financiamento das obras de “Modificación do punto de vertido da depuradora de Gunxel e adecuación do seu entorno”.

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Noia para o financiamento das obras de “Mellora do entorno da igrexa de Santa María de Roo: empedrado e servizos”.

21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiso para o financiamento das obras de “Substitución da cuberta dos polideportivos municipais (Visantofña)”.

22.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Reparación e mantemento aparcadoiro praza taxis e outros” polo Concello de Oza-Cesuras incluída na 2ª FASE DA ANUALIDADE 2014 DO PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS (2014.3280.0159.0)

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

23.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 31.01.2015 e proxección a 31.12.2015.

24.-Información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xaneiro.

25.-Información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de febreiro.

26.-Supresión da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón e derogación da ordenanza fiscal nº 4 reguladora da taxa polos servizos no Polígono Industrial de Sabón.

27.-Dar conta da liquidación do Presuposto do Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2014.

28.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos nº 2/2015.

29.-Aprobación das bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia.

30.-Aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Ortigueira.

31.-Plan presupostario a medio prazo e determinación do límite de gasto non financeiro 2016-2018.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a xestión de parques de bombeiros.

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE MARZO DE 2015

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de marzo de 2015, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO	PP
-----------------------	----

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO	BNG
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON MANUEL COSTA CARNEIRO	PP
DON JOSE DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍEL PADIN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO	PP
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 2/15, DO 27 DE FEBREIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 2/15, do 27 de febreiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓN DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 3051 Á Nº 5.200, DE 2015.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 3.501 á nº 5.200, de 2015.

3.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA (ACLAD) PARA FINANCIAR O “PROGRAMA DE ATENCIÓN A ENFERMOS CON PATOLOXÍA DUAL”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 5 de marzo de 2015.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga. ACLAD, con CIF: G15037187, para financiar o “Programa de atención a enfermos con patoloxía dual”, e cunha achega da Deputación de **25.023,95 €**, que supón o 80% do orzamento do gasto que é de 31.279,94 €, e que será aboado conforme ao previsto na cláusula VI e VII deste, con cargo á partida 0611/23121/481 do Orzamento vixente, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito correspondente ao Exercicio de 2015.

4.- Así mesmo, queda condicionado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o vindeiro exercicio, de acordo coa normativa vixente no seu momento.

“Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ciudadana de lucha contra la droga (ACLAD) para financiar o “Programa de atención a enfermos con patoloxía dual”

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. Alejandro Gómez-Ulla de Irazazábal, presidente da Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga ten como fins a prevención, asistencia, rehabilitación e formación profesional e ocupacional de pacientes drogodependentes. Esta asociación desenvolve as súas actividades no ámbito provincial da Coruña.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 de 2 de abril , art. 36 e coa Lei de admón. local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

A Deputación colabora no financiamento dos servizos sociais especializados, como é este caso, xa que son actividades para unha intervención e rehabilitación especializada sobre o dano xerado polo emprego de sustancias aditivas, sempre que os ditos servizos os presten entidades de iniciativa social, (sen ánimo de lucro), como é o caso da entidade beneficiaria, e suplindo ou completando as competencias das administracións públicas. Neste caso consta a colaboración expresa de varios concellos da Coruña e arredores, como é o de Coruña e Culleredo que ceden locais ou lugares onde realizar as actividades que ten convenio de colaboración para eses fins.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da entidade Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga, con CIF G15037187, para o financiamento de gastos do “Programa de atención a enfermos con patoloxía dual” na provincia da Coruña, co obxectivo de ofrecer unha atención de calidade a pacientes con maior problemática psicopatolóxica asociada aos novos patróns de consumo de substancias, polo que pretenden ampliar e reformular a actual oferta asistencial na súa comunidade terapéutica “Julio Portela” en Culleredo.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Concepto		Importe
Gastos de persoal: 1 enfermeiro/a (diplomado/a en enfermería)	Salario bruto anual	24.248,02 €
	Seguridade social	7.031,92 €
Total		31.279,94 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **25.023,95 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se

presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro de 2014**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado,

coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de xaneiro de 2014**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo de 2015**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

2. Para o caso de que a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de maio de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e a Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O PARRULO FÚTBOL SALA PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DO PRIMEIRO EQUIPO E POTENCIAR AS CATEGORÍAS BASE DO CLUB.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 30/01/2015.

2.- Aprobar o convenio co Parrulo Fútbol Sala correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 20.000 € para financiar actividades do primeiro equipo e potenciar as categorías base do club, cun orzamento subvencionado de 70.380 €, de acordo co texto que se achega.

3.- A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de crédito número 1/2015 (no que se inclúe o crédito necesario para este gasto), que foi aprobado inicialmente en sesión plenaria do 27/02/2015 e se atopa actualmente en trámite de exposición pública.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e O Parrulo Fútbol Sala para financiar actividades do primeiro equipo e potenciar as categorías base do club.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Julio Martínez Martínez, presidente do **Parrulo Fútbol Sala**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a

práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que **O Parrulo Fútbol Sala** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e **O Parrulo Fútbol Sala** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e **O Parrulo Fútbol Sala** (CIF:G15302136) para **financiar actividades do primeiro equipo e potenciar as categorías base do club.**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O Parrulo Fútbol Sala desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Material deportivo	3.000,00 €
Material médico	450,00 €
Cotas e dereitos de participación	2.000,00 €
<i>Dereitos de arbitaxes</i>	<i>9.500,00 €</i>
<i>Mutualidade deportiva</i>	<i>1.000,00 €</i>
<i>Licenzas</i>	<i>1.000,00 €</i>
<i>Desprazamentos e manutención</i>	<i>35.500,00 €</i>
<i>Indemnización xogadores</i>	<i>8.000,00 €</i>
<i>Indemnización técnicos</i>	<i>3.000,00 €</i>
<i>Profesionais independentes (admón.; fisioterap.; prep. Físico)</i>	<i>6.600,00 €</i>
<i>Primas de seguro</i>	<i>330,00 €</i>
<i>Total</i>	<i>70.380,00 €</i>

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 28,42%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 28,42 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que **O Parrulo Fútbol Sala** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao **Parrulo Fútbol Sala**

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas co **Parrulo Fútbol Sala**, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, **O Parrulo Fútbol Sala** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Parrulo Fútbol Sala**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Parrulo Fútbol Sala** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Parrulo Fútbol Sala**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Despois de que estean rematadas as actividades, **O Parrulo Fútbol Sala** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2015.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento **ao Parrulo Fútbol Sala** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Parrulo Fútbol Sala** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Parrulo Fútbol Sala**

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao **Parrulo Fútbol Sala** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Parrulo Fútbol Sala deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Parrulo Fútbol Sala destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, **O Parrulo Fútbol Sala** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **O Parrulo Fútbol Sala** poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, **O Parrulo Fútbol Sala** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o

atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Parrulo Fútbol Sala** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Parrulo Fútbol Sala** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento

2.- Previa solicitude do **Parrulo Fútbol Sala**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO “FORUM GASTRONÓMICO 2015”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Condicionar a eficacia do presente acordo á definitiva entrada en vigor do acordo do pleno da Corporación do 27/02/2015, no que quedou aprobada a modificación do beneficiario da subvención obxecto do presente expediente que pasa a ser o Consorcio de Turismo e Congressos da Coruña.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, CIF Q6550029J para financiar o proxecto “Fórum Gastronómico 2015”.

5º A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 225.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 73,79%.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/467.01.

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, Don Manuel Regos Boqueta, en representación do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, CIF Q6550029J, para o financiamento das actividades do “Fórum Gastronómico Coruña 2015”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE (Excluído IVE)
Aluguer do Recinto Feiral Expocoruña	41.000,00 €
Montaxe de stands e estruturas	55.000,00 €
Instalación de fontanería	6.000,00 €
Seguridade	3.000,00 €
Limpeza	10.000,00 €
Viaxes de relatores de prensa	12.000,00 €
Persoal auxiliar	7.000,00 €
Medios audiovisuais	48.000,00 €
Cesión de marca, imaxe e traballo previos de organización de preparación e de realización do evento	60.000,00 €
Aloxamentos en hoteis	10.000,00 €
TOTAL	252.00,00 €
IVE	52.920,00 €
TOTAL CON IVE	304.920,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 225.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 73,79 %. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 73,79 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2015, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- 4.- O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.
2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o 1 de febreiro de 2015 ata 30 de abril de 2015
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA da sanción que, de

conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de

Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración abranguerá os devengados dende o día 1 de febreiro do ano 2015 ata o 30 de abril do ano 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2015, sempre e cando exista crédito para tal fin no exercicio 2015.

2. Para o caso de que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2015, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O REPRESENTANTE DO CONSORCIO
DE TURISMO E CONGRESOS DA
CORUÑA

DON DIEGO CALVO POUSO”

6.-APROBACIÓN INICIAL DA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistas as propostas de inclusión no Plan de travesías da anualidade 2015 dos proxectos de obra que máis abaixo se relacionan, no marco das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 26 de outubro de 2012 (BOP número 217 do 14 de novembro de 2012)

1.- Aprobar inicialmente a primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, integrada polas obras que se relacionan a continuación, coa indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO
2015.1130.0001.0	Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10+480 ao 11+310	Carral	290.082,99
2015.1130.0002.0	Proxecto de construción travesía na DP 3612 Aneiros a Cabana, 1ª fase, PK 0+000 ao 0+300	Ferrol	264.816,84
TOTAL			554.899,83

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2015.

2.- Remitir un exemplar dos citados proxectos aos concellos correspondentes no prazo de 5 días contados desde a aprobación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, co obxecto de que o concello envíe á Deputación no prazo de 40 días naturais contados desde a data de recepción do proxecto, a documentación sinalada na base 3.2 das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os

concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015.”

7.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2015, SEGUNDA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2015, segunda fase, integrado polas obras que se indica a continuación, co detalle da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO
15.1170.0002.0	Mellora da seguridade viaria na DP 7504 de Castelo a Carnoedo, PK 2+400 ao 5+020	Sada	319.197,69
15.1170.0003.0	Mellora da seguridade viaria na DP 5812 entre o PK 3+040 ao 4+850	Oleiros	210.756,17
TOTAL			529.953,86

O financiamento dos proxectos incluídos neste plan realizarase con cargo á partida 0410/4535/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2015.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

8.-CAMBIO DE TITULARIDADE (MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA) A FAVOR DO CONCELLO DE CARBALLO DO TRAMO DA ESTRADA PROVINCIAL DP 1905 CARBALLO Á FEIRA DE VERDILLO COMPRENDIDO ENTRE OS PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0,000 AO 0,540.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o cambio de titularidade do tramo da estrada provincial 1905 de Carballo á Feira de Verdillo exclusivamente entre os puntos quilométricos PK 0,000 ao PK 0,540, actualmente titularidade da Deputación e que pasa a ser de titularidade municipal do Concello de Carballo. Polo que respecta ao resto da dita estrada, esta continuará sendo de titularidade provincial.

O dito tramo valórao o Servizo de Vías e Obras en 526.439,25 euros.

Todo isto condicionado á aprobación deste cambio de titularidade polo Pleno do Concello de Carballo e dos trámites indicados nos apartados seguintes.

2.- Comunicar á Xunta de Galicia a aprobación deste expediente de mutación demanial subxectiva para os efectos da súa aprobación, de conformidade co que se dispón no artigo 9 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia.

3.- Formalizar co Concello de Carballo as correspondentes actas de entrega e recepción que perfeccionarán o cambio de titularidade dos bens, todo isto condicionado á aprobación do expediente por parte da Xunta de Galicia.

4.- Dar de baixa no Inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña e no catálogo de estradas provinciais o tramo comprendido entre os puntos quilométricos PK 0,000 ao PK 0,540 da estrada provincial de referencia, unha vez que se formalicen as actas de entrega e recepción.”

9.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS, 2ª FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2015, 2ª fase, integrado pola obra que se relaciona a continuación, con indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
15.1100.0034.0	Mellora intersección na DP 5403 Gándara a Santa Cecilia PK 1+370 (Narón)	86.610,69
TOTAL		86.610,69

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/4531/61900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2015”.

10.-RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á APROBACIÓN PROVISIONAL DA TERCEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistas as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia nº 217 do 14 de novembro 2012

Visto o PLAN DE TRAVESÍAS 2014, TERCEIRA FASE, aprobado inicialmente polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 19 decembro de 2014 e cuxa aprobación provisional foi realizada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 27 de febreiro de 2015 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 42 do 4 de marzo de 2015

Visto o escrito de alegacións presentado polo Concello de Ribeira á aprobación provisional da terceira fase do plan, en relación ao único proxecto técnico da obra incluída nesta denominada " *Mellora da seguridade viaria e renovación de servizos na DP 7305 entre o PK 0+00 da CP 7306 e o Cruce coa Rúa Carreiro*", no que solicita a modificación do citado proxecto

Visto o escrito de alegacións presentado por Manuel Rego Parada, en representación dos veciños de Aguiño, solicitando que se teñan en conta as reclamacións dos veciños de Aguiño, asinantes das páxinas anexas ao escrito, en relación ao proxecto técnico da obra citada, mostrándose en contra do sentido único de circulación de vehículos pola vía, tal e como se manifestou ante o Sr Alcalde de Ribeira, na reunión celebrada en Aguiño, o martes 10 de febreiro, e que coincide co solicitado polo Concello de Ribeira no seu escrito de alegacións

Considerando que nos informes subscritos polo xefe do Servizo Técnico de Vías e Obras Provinciais sobre as alegacións presentadas ao proxecto técnico da obra indícase, á vista dos cambios propostos, que *non existe ningún inconveniente para proceder ás modificacións solicitadas*

Considerando que o Concello de Ribeira presentou a modificación do proxecto da obra citada cos cambios propostos nos escritos de alegacións, e que o citado proxecto técnico conta co informe técnico de supervisión favorable dos servizos técnicos da Deputación

ESTIMAR as alegacións presentadas polo Concello de Ribeira e máis por D. Manuel Rego Parada, en representación dos veciños de Aguiño, ao proxecto técnico correspondente á obra denominada " *Mellora da seguridade viaria e renovación de servizos na DP 7305 entre o PK 0+00 da CP 7306 e o cruce coa Rúa Carreiro*", que foi incluída dentro do PLAN DE TRAVESÍAS 2014, TERCEIRA FASE, aprobado inicialmente polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 19 decembro de 2014 e cuxa aprobación provisional foi realizada polo Pleno provincial na sesión realizada o 27 de febreiro de 2015 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 42 do 4 de marzo de 2015, dado que as modificacións técnicas solicitadas respecto ao citado proxecto nos escritos de alegacións foron informadas favorablemente polos servizos técnicos provinciais, e tendo en conta que o concello xa presentou o proxecto técnico da obra coas modificacións propostas, que non se varía o presuposto total da obra e que o proxecto conta co informe técnico de supervisión favorable do Servizo de Vías e Obras provinciais

En consecuencia, APROBAR definitivamente a modificación do proxecto técnico da obra " *Mellora da seguridade viaria e renovación de servizos na DP 7305 entre o PK 0+00 da CP 7306 e o cruce coa Rúa Carreiro*" polo seu presuposto total por importe

de 464.877, 78 euros e, polo tanto, a terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2014.”

11.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DO CAMBIO DE CUALIFICACIÓN DA PARCELA Nº 2 DO POLÍGONO DE SABÓN.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Aprobar definitivamente o expediente de desafectación da parcela número 2 do Polígono de Sabón, que pasa a cualificarse como patrimonial para o seu posterior alleamento, mediante poxa.

2. Proceder á correspondente modificación no inventario de bens.”

12.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CORISTANCO PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA PARCELA NA PARROQUIA DE TRABA.

INTERVENCIÓNS

Sr. Requeira Varela

Bo día a todos e a todas. En todo caso, vista a documentación que nos presenta neste convenio, vistos os reparos e as dúbidas que presentan os informes da Intervención da Deputación e da propia Secretaría municipal, antes de proceder á votación gustaríanos, xa que o Sr. alcalde do Concello de Coristanco é membro desta Corporación, se quere aclarar algún dos reparos ou das dúbidas que alí aparecen, sería conveniente.

Sr. Pensado Plágaro

Grazas, presidente, compañeiros. Eu respecto a decisión de non querer apoiar a petición por parte do concello de comprar esta parcela, é a única parcela, e é a única forma de conseguila, por un lado urbanisticamente, de acordo coa Lei do solo e todo o percorrido administrativo, e conta con todos os informes xurídicos. É certo que houbo un atraso por parte de Secretaría no seu momento, veu con certo atraso, pero trátase dunha parcela importante, única, que conta co informe, repito, dos técnicos e da asesoría xurídica, e é máis, como compañeiro da Corporación provincial, eu diríalle, pediríalle que a apoiara porque é unha obra importante para nós, o Concello, única, e se estivera esa parcela noutro contorno habería que, acolléndose a outra normativa que permite a lei, habería que facer unha de reparto, pero é que non é posible e dino claramente os informes técnicos e xurídicos.

Sr. Requeira Varela

Primeiro agradecer que o Sr. deputado aclarara a postura, en todo caso, do goberno municipal do Concello de Coristanco, pero a nós seguen quedándonos dúbidas de se isto se podería facer dunha maneira normal a través do Plan xeral de ordenación municipal, e tamén algunha dúbida sobre a taxación da parcela, nós en

todo caso non imos votar en contra, como ben di o alcalde, dun equipamento que o Concello considera necesario, pero si ímonos abster.

Sr. Presidente

Estaba falando co interventor que me estaba a comentar o último informe que achegou o Concello, do arquitecto técnico, onde se dicía que se trataba dun solo urbano consolidado e, en consecuencia, queda a decisión no ámbito municipal, a adquisición non.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e do PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación nos seus informes do 23 de febreiro e 12 de marzo de 2015

2. Aprobar o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORISTANCO PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN PREDIO NA PARROQUIA DE TRABA cunha achega provincial de 198.400,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/1532/76201, que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % sobre un orzamento de 248.000,00 euros.

3. Condicionar a formalización e eficacia do presente convenio á entrada en vigor do expediente de Modificación de Créditos 1/2015.

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORISTANCO PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN INMOBLE

A Coruña, ____de _____ de dous mil quince

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. Antonio Pensado Plagaro, alcalde-presidente do Concello de CORISTANCO

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE CORISTANCO ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE CORISTANCO (P-1502900-B) para o financiamento da adquisición do ben inmovible que se describe de seguido:

SITUACIÓN: R do Muiño, esquina Trav. do Muiño, Parroquia de Sta. Mª de Traba
REFERENCIAS CATASTRAIS: 15199 01 NH 2811 N
INSCRICIÓN REXISTRAL: Tomo: 1008, Libro 115, Folio 142, Finca 15.337, Inscripción 1ª Rexistro da Propiedade de Carballo

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o CONCELLO DE CORISTANCO, o orzamento máximo para a adquisición ascende a **248.000 EUROS**.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **198.400 €** o que representa unha porcentaxe de **80,00%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando o concello que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrals.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201** que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CORISTANCO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO DE CORISTANCO o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE CORISTANCO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe da adquisición supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, O CONCELLO DE CORISTANCO deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase constar o importe do financiamento provincial
2. Adquirido o ben, O CONCELLO DE CORISTANCO deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta no disposto na **Base 57º das de execución do Orzamento para o ano 2015**, ata o **40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CORISTANCO pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
 - Descrición física e xurídica do ben.

- Identificación do titular o titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles
- Valoración pericial.
- Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne
- Determinación da data para a elevación á escritura pública.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Adquirido o ben, procederase ao aboamento do **60 por cento** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE CORISTANCO, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable (40%).
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO DE CORISTANCO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CORISTANCO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste

convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CORISTANCO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONCELLO DE CORISTANCO na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CORISTANCO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CORISTANCO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE CORISTANCO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CORISTANCO poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CORISTANCO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos

procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.
2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigaóns tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade

Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2016**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2018**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE PRESIDENTE DO
CONCELLO DE SANTISO

Diego Calvo Pouso

Manuel Adán López”

22.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REPARACIÓN E MANTEMENTO APARCADOIRO PRAZA TAXIS E OUTROS” POLO CONCELLO DE OZA-CESURAS INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2014 DO PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS (2014.3280.0159.0)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o proxecto modificado da obra denominada “Reparación e mantemento aparcadoiro praza taxis e outros” do Concello de Oza-Cesuras, incluída na 2ª fase-derradeira da anualidade 2014 do PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS, co código 14.3280.0159.0, que foi aprobada na sesión plenaria provincial realizada o día 30 de xullo de 2014, en relación coa Resolución de Presidencia da Deputación número 17850, do 12/09/2014, cun orzamento de contrata de 31.505,69 euros, dado que non representa unha variación do orzamento total da obra respecto ao do seu proxecto técnico inicial, nin varía a súa finalidade, unicamente varía a situación dalgunhas actuacións.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Oza- Cesuras	14.3280.0159.0	Reparación e mantemento aparcadoiro praza taxis e outros	31.505,69	0,00	31.505,69”

23.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 31.01.2015 E PROXECCIÓN A 31.12.2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/01/2015 e proxección a 31/12/2015.”

24.-INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de xaneiro de 2015.

SEGUNDO: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina de Internet da Deputación Provincial da Coruña.”

25.-INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, na Deputación Provincial e o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de febreiro de 2015.

SEGUNDO: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.”

26.-SUPRESIÓN DA TAXA POR SERVIZOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN E DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a SUPRESIÓN DA TAXA POR SERVIZOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN E DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN

O acordo adoptado, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o

expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso, os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local e o art. 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Se non se producisen reclamacións contra este, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, o acordo de supresión da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón e derogación da ordenanza fiscal Nº 4 reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón entenderase definitivo e publicárase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, así como a data a partir da cal rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

27.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento da aprobación da liquidación do presuposto e do informe sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade presupostaria correspondente ao exercicio 2014.

2.- Remitir copia da Liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento co establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3.- Remitir a información prevista na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos presupostos das entidades locais e da información adicional requirida para dar cumprimento á Orde HAP/2082/2014 na aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade presupostaria, e na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.”

28.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/2015.

INTERVENCÍONS

Sr. Regueira Varela

Entendemos que se debería de proceder a abrir programas e liñas de subvencións nas que se puidera concorrer en igualdade de oportunidades, concellos

ou entidades. En todo caso, enlazando co que dicíamos no anterior punto, este expediente ten algún punto, ou algún convenio, en todo caso moitos deles son claramente interesantes para a provincia, polo tanto non hai ningún problema con eles, iso deixalo claro, pero chámalos poderosamente a atención por exemplo o convenio que vai incluído de Porto do Son.

É curioso que un concello que ao final non puido acceder ao PAI, porque cun proxecto que presentou no Pleno da súa Corporación, e resultou rexeitado por ese Pleno, un proxecto que era exactamente creio que de saneamento, cun orzamento de 132.070,79 euros, curiosamente, como non pode ser subvencionado ou non pode ser financiado, neste caso, porque é un financiamento, a través do PAI, pois agora atopámonos que leva unha subvención, ou un convenio, nominativo.

A min, por iso preguntáballe que ía facer o goberno con ese aforro neto, porque nos chama moito a atención que se os concellos que non puideron acceder ao PAI, pola razón que fora, pero aquí foi por unha resolución plenaria, que é o órgano máis democrático que ten un concello, resulta que acaba accedendo ao financiamento dese mesmo proxecto a través dun convenio nominativo, ao mellor podemos entender que aquí se están utilizando dúas medidas e unha é gravosa e agravante para os concellos, porque nun lado estamos falando, como dicía o señor portavoz do PP, dun modelo novo, pero que é un modelo de financiamento, é dicir, hai que devolver o diñeiro, ao que acceden 70 concellos, e a outros concellos ao mellor resúltalles máis beneficioso que acaben levando un convenio nominativo, que non teñen que devolver, e que se lles vai financiar o cento por cento dun investimento. A nós gustaríanos que aclararan iso.

En todo caso, non é só o Concello de Porto do Son, hai proxectos que foron levados ao Pleno para incluír no PAI, e que finalmente non puideron ir ao PAI pola razón que fora, doutros concellos, como Trazo, Cerdido e Mesía, que aínda que non sexan as cantidades exactas, como é neste caso, tampouco puideron ir ao PAI, pero acaban tendo un convenio nominativo. A nós parécenos que non é un procedemento lóxico, non é un procedemento transparente e é un procedemento moi discrecional, e discrecional como todos os expedientes de modificación de créditos que fomos aprobando aquí.

Nós si que queremos deixar claro que seguramente a vindeira Corporación, provincial refírome, e se o BNG ten responsabilidades de goberno, si se compromete a facer o que aquí vimos reclamando durante anos, que as subvencións nominativas queden reducidas á mínima expresión posible, e que este tipo de discrecionalidade á hora de conceder ou de solucionar problemas de segundo que concellos, se solucione dunha vez por todas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Nosoutros anuncio xa o voto favorable do Grupo Socialista a este Expediente de modificación de créditos, Expediente de modificación de créditos que consume a totalidade do remanente de libre disposición que ten a Deputación. Imos votar que si porque compartimos, como dicía o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, moitas das propostas que aquí van, parécenos ben e compartimos que se faga a quinta fase do inventario de bens, parécenos ben e

compartimos que se destine diñeiro para mellorar os padróns municipais, parécenos ben e compartimos a partida destinada a compra de bens para renovar todos os equipos de informática, parécenos ben e compartimos as axudas a entidades de tipo social, parécenos ben e compartimos e oxalá sexa un éxito, ese novo programa de internacionalización e prácticas profesionais en Estados Unidos, que oxalá saia ben e se poña en marcha, e compartimos tamén moitas das subvencións que van a moitos concellos. Polo tanto, o noso voto vai ser favorable.

Hai algunhas cuestións que non nos gustan, aínda que cremos que é froito de improvisacións ou de voluntarismos, que se recollen tamén aquí, pero son as menos, e posto no balance pesa máis o positivo que o negativo.

Eu quixera facer unha reflexión sobre unha, tranquilizando tamén ao señor portavoz do Bloque Nacionalista Galego, todo isto non se vai facer neste mandato, porque agora apróbase o Expediente de modificación de créditos, no mes de maio virán ou non virán os convenios, e as eleccións son o vinte e catro de maio, e pode ser incluso que algunhas, como pasou no anterior mandato, que algunhas das subvencións que agora se aproban as xestiona outro goberno doutra cor política no concello, pero non era ese o tema que nos formulábamos aquí.

Dicía que había algunha improvisación, e poñía un exemplo, o tema do financiamento do campus, do proxecto piloto do Campus de vela de Ortigueira. O propio concello cando pide a solicitude di que non ten nin medios materiais, nin persoais, nin de ningún tipo, para facer este Campus, e que van a subcontratalo todo. Dámoslle sesenta e cinco mil euros para a compra de seis embarcacións tipo optimist, que custan oitenta mil e pico euros, e unha vez que se faga o campus, o campus é unha cousa que se fai en quince días ou vinte días, que vai facer o Concello de Ortigueira con seis embarcacións, se non ten nin sequera escolas deportivas de vela municipais? Pero ben, xa digo, que son temas que vemos que non nos gustan, pero que se o poñemos nunha balanza, pesa máis o positivo que o negativo, e por ese motivo nós imos votar favorablemente este Expediente modificativo de créditos.

Sr. Ruiz Rivas

En primeiro lugar dicir que este Expediente vai financiado basicamente con remanente, o cal tamén non deixa de ser para esta institución unha boa nova, que o que son as súas finalidades e obxectivos non son diferentes a moitos outros que aquí se teñen aprobado, ao redor dunha media de cinco por ano, que nestas épocas durante todos os anos tamén se acostuma traer este tipo de expedientes, polo tanto eu creo que dificilmente se poden manter outros criterios diferentes aos que sempre mantiveron os grupos.

Dito isto, dicir que unha vez máis se manifesta que o que son a libre disposición nesta administración está xa reducida á mínima expresión, arredor do cinco por cento, co cal tamén foi algo que esta Corporación pode presumir de ter feito con respecto a calquera outra que teña gobernado esta casa.

Dicir, por outra parte, que o que son os importes do PAI, que non se solicitaron, seguen estando dispoñibles, entre eles os non solicitados polo concello que aquí se mencionou, que por certo lembrar que os expedientes de modificación de

créditos o que veñen non é a aprobar convenios, non veñen a aprobar medidas concretas para ningún concello, pero si que vén dar unha cobertura presupostaria para poder facelo, iso quere dicir que os convenios a que puideran dar lugar esta cobertura presupostaria terán que volverse traer neste Pleno, e como dixo o Sr. Moreda, dificilmente ningún deles se poderá comezar dentro do que é o período ordinario da lexislatura dos concellos.

Tamén dicir que este Expediente de modificación de créditos o que vai servir é que para aqueles, sobre todo as entidades deportivas de nivel que ten a provincia, poidan por esta vía ter digamos a posibilidade de financiarse porque cremos que o feito de que puideran ir na libre concorrência faría que o resto das asociacións que non teñen o mesmo número de deportistas, nin teñen a base que teñen, nin teñen a categoría deportiva que teñen estas, que se pode dar a cobertura presupostaria, faría que aqueles clubs deportivos, sobre todo dos concellos máis pequenos, puideran verse prexudicados no que é unha libre concorrência cando normalmente este tipo de entidades deportivas tamén veñen facendo un labor de base nos concellos nos que serven. Polo tanto, esa é a motivación da aprobación deste punto por parte do noso Grupo.

Sr. Requeira Varela

Efectivamente, pode ser que vostedes reduciran o número de orzamento de libre disposición, aínda hai que reduci-lo moito máis, consideramos nós. Con isto, cos expedientes de modificación de créditos que levamos aprobados neste mandato poderíamos facer moitas cousas, suplementar os plans de vías e obras provinciais, os plans de marquesiñas, as subvencións ordinarias, etc., etc., todo iso poderíase facer. Pero imos ao proxecto en concreto que vén incluído neste Expediente ao que eu me refería.

A nós parécenos curioso, aquí non se trata de quen vai xestionar definitivamente ese convenio, esta non é unha cuestión de cor política, é unha cuestión de agravio comparativo entre sociedades que conforman os concellos. A uns concellos estámolles obrigando a buscar financiamento, préstamo, e devolver o diñeiro, para os proxectos en concreto, e a outros concellos, que por acordo plenario en contra non puideron presentar ese proxecto a un programa de financiamento de préstamo, van recibir o orzamento total a través dun convenio, ese é o gran problema, non quen vai xestionar se o PP, o PSOE, o BNG, independentes, ou somos marea de non sei que, o problema é que uns concellos, os cidadáns deses concellos, van ter uns servizos que teñen que devolver o diñeiro, porque llo prestou a Deputación, e outros que o seu Pleno e a súa Corporación votou en contra dese proxecto, van ter o financiamento sen ter que devolvelo. Ese é o gran dilema deste convenio en cuestión.

Polo tanto, eu insisto, hai outras fórmulas, e a fórmula que nós defendemos, en todo caso, é a libre concorrência, pero en todo caso neste Expediente, insistindo, como dicía tamén o Sr. Moreda, que moitos dos convenios que aquí van parécenos moi interesantes, hai outros que nos chaman poderosamente a atención, e este, curiosamente sendo o mesmo proxecto e claramente o mesmo orzamento que se levou ao Pleno para incluí-lo no PAI, chámanos poderosísimo a atención.

Sr. Presidente

A min créame que me sorprendería que estivesen de acordo en todas as iniciativas que presentásemos neste Expediente de modificación de créditos. Vostede sabe que cando se fai un convenio cun Concello é por unha necesidade, porque non ten outras fontes de financiamento e cre que é unha necesidade. Porén o que nunca se pediu ata o de agora foi que a proposta que envía o Concello, sexa o alcalde que sexa, da cor política que sexa, veña avalada cun acordo plenario, ata o de agora nunca se pediu, pode ser unha iniciativa que de cara á vindeira lexislatura, ao seguinte mandato, pidámoslle aos concellos que ademais envíen un certificado do acordo plenario para poder facer un convenio, ata o de agora non era necesario. Como non era necesario o goberno correspondente de cada un dos concellos, con independencia da cor política, establece cál é a prioridade para ese goberno, e como non ten capacidade de financiamento, porque o POS o dedicou a outras cousas, porque o DTC, ou ben o PAI, e non pode aténdelo, e é unha necesidade para os seus veciños, por iso está a xustificación dun convenio. Por iso non entendo a súa inquedaanza con esta obra en concreto de Porto do Son, porque segue o mesmo tratamento que seguiron os demais.

Con respecto ao PAI, a min gustaríame que se este que lles fala no seguinte mandato segue aquí, poder traer unha nova de dicirlle a todos os concellos, se cambia a lexislación, dicirlle a todos os concellos que os cartos do PAI non hai que devolvelos, e tomar un acordo por todos os que esteamos aquí, e espero que os que poidan repetir, os que poidan estar, espero que ese acordo estou seguro que vai ser unánime, quen o sabe?, a día de hoxe non o podemos facer, non porque non queiramos, senón porque legalmente estabamos obrigados a que houbera esa devolución, pero no seguinte mandato, desde logo, esa medida, o día que poidamos tomala, imos levala a cabo para que non haxa lugar a dúbidas, e estou seguro que moitos dos concellos, aquí temos algúns representantes dalgúns concellos que quixeron ir ao PAI, e por diferentes motivos, non é porque non quixera o goberno correspondente do Concello, porque non quixera a oposición do Concello, a diferenza de Porto do Son, senón porque desgraciadamente tecnicamente non viron, ou non foron capaces de ver esa posibilidade, e por iso dicía eu antes, na anterior intervención, que a min gustaríame que se facemos unha segunda edición do PAI, ser capaces de ter máis argumentos para que tecnicamente neses concellos lles dean o visto e praxe e poidamos acceder.

Agradézolle as súas achegas e pasamos a votar o punto.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e do PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 2/2015 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 7.832.61,20 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 1.432.673,01
 SC. Suplemento créditos: 6.399.388,19
Total de aumentos: 7.832.061,20

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería: 7.185.130,77
 Baixas por anulación: 646.930,43
Total financiamento: 7.832.061,20

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	116.480,43	46.930,43
2. Gastos correntes	1.329.624,72	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Trans. correntes	2.082.197,12	400.000,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	677.746,45	0,00
7. Trans. de capital	3.626.012,48	200.000,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL	7.832.061,20	646.930,43

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Alleamento investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	7.185.130,77
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	7.185.130,77

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2015 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

29.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CONTROL FINANCEIRO AOS CONCELLOS DE MENOS DE 5.000 HABITANTES DA PROVINCIA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e do PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“Primeiro.- Aprobar provisionalmente as bases para que os concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia da Coruña poidan delegar o exercicio do control financeiro de subvencións e da xestión indirecta de servizos públicos na Deputación Provincial da Coruña.

Segundo.- Expor ao público o presente acordo polo prazo de trinta días, mediante a publicación dun anuncio indicativo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Durante o dito prazo todos os interesados poderán presentar as alegacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Transcorrido o referido prazo, estudaranse as alegacións presentadas e o Pleno adoptará o acordo definitivo que proceda ou, no caso de non presentarse alegación ningunha, o acordo, ata entón provisional, quedará definitivamente aprobado e procederase a darlle publicidade mediante a publicación íntegra das bases no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia, así como mediante envío do texto íntegro do acordo a cada un dos concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia.”

BASES PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CONTROL FINANCEIRO AOS CONCELLOS DE MENOS DE 5.000 HABITANTES DA PROVINCIA

PRIMEIRA.- OBXECTO DA DELEGACIÓN.

1. No exercicio da competencia de asistencia económica a municipios prevista no artigo 36.1 b) da Lei 7/85, de Bases de Réxime local, a Deputación Provincial de A Coruña asumirá por delegación as competencias que en materia de control financeiro ostenta a Secretaría-Intervención dos concellos de menos de 5.000 habitantes, en relación coas subvencións outorgadas e contratos de xestión de servizos públicos que se concretan máis adiante, mediante a adhesión particular e expresa do concello outorgante de subvencións e, no seu caso, titular do servizo público correspondente.
2. Asemade, tamén se asumirá por delegación a xestión, liquidación e recadación dos reintegros e posibles sancións que se deriven do exercicio do control financeiro de subvencións.

SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO.

O exercicio das competencias en materia de control financeiro delegadas polos concellos rexerase polas presentes Bases, sendo asemade de aplicación a seguinte normativa:

- a) Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo e normativa de desenvolvemento.
- b) Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- c) Lei orgánica 2/2012, de 28 de abril, de Estabilidade orzamentaria.
- d) Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

- f) Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- g) Ordenanza de control financeiro, procedemento de reintegro e sancións da Deputación da Coruña.
- h) Normas de auditoría do Sector Público.

TERCEIRA.- CONTIDO E ALCANCE DA DELEGACIÓN.

1.Contido.

Os concellos poderán delegar as seguintes funcións:

- a) O exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas nun determinado exercicio ou de todos os exercicios pechados, sempre que as obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.
- b) A instrucción e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de Dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a prestación de Servizos tributarios aos concellos da Provincia,
- c) A emisión de informes de control financeiro sobre os servizos públicos municipais xestionados indirectamente mediante concesión administrativa ou figura similar (xestión interesada, sociedade de economía mixta ou concerto).

2. Alcance do exercicio das competencias delegadas.

2.1 A delegación de competencias en materia de control financeiro de subvencións implica que a Deputación asumirá a totalidade das funcións da Intervención municipal con respecto ao exercicio desta función. Asemade, asumirá as competencias para a tramitación dos posibles expedientes de reintegro que se deriven dos informes emitidos, así coma o exercicio da potestade sancionadora, cando se aprecien algunha conduta infractora nos informes emitidos. Finalmente, tamén abranguerá a xestión e recadación das liquidacións resultantes dos procedementos de reintegro e sancionadores, que lle permitirá a Deputación liquidar e recadar, tanto en período voluntario como executivo, as sancións resultantes a través dos Servizos da Área Tributaria. Os importes obtidos serán ingresados a prol de cada concello segundo o previsto nas Bases para a prestación de servizos tributarios anteriormente referidos, unha vez descontada a taxa que se devenga a prol da Deputación.

2.2. No ámbito da xestión indirecta de servizos públicos, a delegación comprenderá a función de emitir anualmente un informe respecto da axeitada presentación da información financeira, do cumprimento das normas, contratos e directrices que resulten de aplicación e do grao de eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos previstos.

CUARTA.- COLABORACIÓN DOS CONCELLOS.

De conformidade co disposto nos artigos 106.3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 8 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais e co obxecto de facilitar o exercizo das competencias delegadas á Deputación, os concellos deberán prestar toda a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

- a) Remisión de copia compulsada, completa e numerada de todos os expedientes que sexan solicitados no ámbito dos controis a realizar.
- b) Expedición de todas as certificacións ou informes que lle sexan solicitados para o exacto coñecemento dos antecedentes e datos necesarios para a emisión do informe de control financeiro.
- c) Acceso á información contable, mediante autorización expedida para o efecto.
- d) Información e, no seu caso, apoio para realizar as notificacións de comunicación de inicio de actuacións, requirimentos e informes ás entidades obxecto do control.
- e) Autorización para dispor dun local municipal axeitado para a realización das actuacións, para o caso de que as entidades obxecto de control non dispoñan de local propio.

QUINTA.- PROCEDEMENTO PARA O EXERCICIO DO CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIÓNS, EXPEDIENTES DE REINTEGRO E POTESTADE SANCIONADORA.

Unha vez que se teñan adoptados os acordos para facer efectiva a delegación do exercicio do control financeiro de subvencións, procederase do seguinte xeito:

1. A Intervención do concello delegante expedirá unha relación certificada en formato de folla de cálculo, comprensiva de todas as subvencións pagadas nos exercicios pechados aos que se estenda a delegación, indicando o nome do beneficiario e o seu NIF, importe pagado, data de pago e aplicación orzamentaria a que se imputou o gasto.
2. Recibida a relación certificada na Deputación, o Negociado de Control Financeiro procederá a realizar a escolla dos expedientes que se sometan a auditoría, utilizando para tal finalidade os criterios aprobados polo Pleno da Corporación para o exercicio do control financeiro sobre as subvencións pagadas pola propia Deputación. En todo caso, o número de expedientes escolleitos non poderá resultar inferior a tres por cada concello e ano ao que se estenda o control. Do proceso de selección, así como da aplicación dos criterios, estendarse a correspondente acta ante o Secretario xeral da Deputación.
3. De inmediato darase conta ao concello do resultado da escolla, con indicación dos expedientes obtidos na mostra, que deberán ser remitidos polo concello respectivo no prazo de quince días hábiles, preferentemente en soporte dixital debidamente autenticado. Cada expediente deberá conter, polo menos, a seguinte documentación: bases da convocatoria, solicitude do beneficiario, informes de valoración, resolución de concesión, documentación xustificativa,

resolución de pago e documentación acreditativa do mesmo, no que conste a data na que se realizou.

4. Realizadas as actuacións de control financeiro en cada un dos expedientes e emitido o informe definitivo, unha copia do mesmo seralle remitido á Alcaldía do concello respectivo. Asemade, anualmente remitirase a cada concello un informe global de todas as actuacións realizadas, co fin de que se eleve ao Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 220.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
5. No caso de que proceda a tramitación de expedientes de reintegro ou sancionadores, unha vez emitida a resolución definitiva que proceda, copia da mesma tamén lle será remitida á Alcaldía do concello respectivo. As liquidacións resultantes serán tramitadas pola Área Tributaria da Deputación, debendo o concello adoptar o acordo de delegación da liquidación, xestión e recadación destes ingresos de Dereito público. Neste caso, os ingresos obtidos serán incluídos na liquidación do período ao que correspondan.

SEXTA.- PROCEDEMENTO PARA O EXERCICIO DO CONTROL FINANCEIRO SOBRE XESTIÓN INDIRECTA DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS.

1. Determinado o alcance da delegación no acordo correspondente, o concello delegante deberá achegar, polo menos, a seguinte documentación con respecto a cada servizo sobre o que se estenda:

- Normativa que defina o réxime xurídico básico do servizo (Regulamento) e, no seu caso, ordenanza reguladora da taxa ou do prezo público que se esixe aos usuarios.
- Copia completa do expediente que se tramitou para a adxudicación do contrato de xestión do servizo público e oferta presentada polo adxudicatario.
- Estudo ou informe de custos do servizo.
- Padrón ou relación de usuarios do servizo e, no seu caso, certificación dos importes obtidos pola recadación da taxa ou prezo público.
- Documentación presentada polo contratista con respecto a cada exercicio de xestión.
- Certificación, no seu caso, dos ingresos obtidos polo canon a favor do concello ou dos pagamentos realizados a prol do contratista.

2. Recibida a documentación anterior e completada coa que poida requirirse ao concello ou á empresa contratista, o Negociado de Control financeiro expedirá un informe provisional no prazo máximo de tres meses, que lle será notificado á Alcaldía do concello respectivo e ao contratista, para os efectos de posibles alegacións, que deberán ser presentadas no prazo de quince días hábiles. Logo de recibirse as mesmas, o Negociado de Control financeiro expedirá o informe definitivo no prazo máximo DUN MES. Este informe seralle notificado ao concello, para que se leven a cabo as actuacións que proceda, e tamén á empresa contratista, para o seu coñecemento.

SÉTIMA.- TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DELEGADOS.

1. Será de balde a actividade que abrangue a tramitación dos expedientes de control financeiro e a emisión dos correspondentes informes.
2. A liquidación e recadación dos reintegros de subvencións e, no seu caso, das correspondentes sancións por incumprimentos derivados da Lei de subvencións queda sometida á taxa xeral regulada na Ordenanza fiscal nº 5 desta Deputación.

OITAVA.- VIXENCIA DA DELEGACIÓN.

1. A delegación por parte dos concellos das súas competencias no ámbito do control financeiro de subvencións e, no seu caso, dos servizos públicos en xestión indirecta entrará en vigor unha vez tramitado cada expediente e publicado o acordo correspondente e deberá manterse por un período mínimo de DOUS ANOS.
2. Este prazo inicial de delegación poderá prorrogarse tacitamente por períodos iguais, se ningunha das partes comunica á outra, con un mínimo de TRES MESES de antelación ao seu vencemento, a vontade de deixar sen efecto a delegación , acordo que deberá ser adoptado polo mesmo órgano que tivera aprobado o acordo inicial e co mesmo quórum.

NOVENA.- ACORDOS DE DELEGACIÓN E DE ACEPTACIÓN.

Unha vez aprobadas as presentes bases polo Pleno da Deputación e publicadas no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, o procedemento para formalizar a delegación a prol da Deputación será o seguinte:

- 1º.- Acordo provisional de delegación de competencias, adoptado polo Pleno do concello delegante co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a corporación, que deberá contar co informe do órgano interventor da Corporación.
- 2º.- Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia, abríndose un prazo mínimo de 30 días hábiles para o coñecemento dos interesados e para a presentación, no seu caso, de alegacións ao mesmo.
- 3º.- Acordo definitivo do Pleno do Concello delegante, resolvendo no seu caso as alegacións presentadas, ou elevando a definitivo o acordo provisional, de non presentarse ningunha.
- 4º.- Notificación á Deputación do acordo definitivo de la delegación, achegando certificación expedida pola Secretaría do Concello delegante.
- 5º.- Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a corporación, aceptando a delegación se o acordo municipal se axusta ás presentes Bases.

6º.- Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, segundo o previsto no artigo 7.º do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

DÉCIMA.- NORMAS DE DESENVOLVEMENTO.

Previos os informes de Secretaría e Intervención, facúltase ao Presidente da Deputación para que poida aprobar, mediante a correspondente resolución, as normas de desenvolvemento que resulten necesarios para a interpretación ou mellor cumprimento das presentes Bases.

30.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aceptar a delegación das competencias en materia tributaria acordada polo Concello de Ortigueira na sesión plenaria do 30 de abril de 2014 en relación coas seguintes materias:

1. A xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión que poida ser obxecto de delegación, tanto pode afectar ao suposto xeral do artigo 24 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

2. A Recadación en período executivo dos seguintes tributos, taxas e prezos públicos e ingreso publico de carácter non periódico:

- 1) Taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valados, puntais, asuelos, estadas e outras instalacións análogas.
- 2) Taxas por postos, barracas, casetas de venda, atraccións situadas en terreos de uso público e industrias de ra e ambulantes e rodaxe cinematográfica.
- 3) Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas e outros elementos con finalidade lucrativa.
- 4) Ingresos públicos por execución subsidiaria ao abeiro do establecido no artigos 96 e 97 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións -públicas e do procedemento administrativo común.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas para o efecto por esta Deputación provincial.”

31.-PLAN PRESUPUESTARIO A MEDIO PRAZO E DETERMINACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO 2016-2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**PRIMERO:** Aprobar o límite do gasto non financeiro e total dos exercicios indicados:

Exercicio	2016	2017	2018
GNF	174.086.868,80	177.008.423,94	179.979.152,55
Gasto total	194.255.762,19	197.080.506,65	199.954.889,26

SEGUNDO: Aprobar os obxectivos da débeda pública provincial expresados:

Exercicio	2016	2017	2018
Débeda con entidades financeiras a 31 de decembro sobre/previsión inicial.	0,00	0,00	0,00
Débeda con entidades financeiras a 31 de decembro sobre/previsión axustada.	0,00	0,00	0,00
Amortización anticipada	0,00	0,00	0,00
Débeda total	0,00	0,00	0,00
% Débeda financeira/ingresos correntes liquidados.	0%	0%	0%

TERCEIRO: Revisar o escenario orzamentario e financeiro a medio prazo, os límites de gasto non financeiro e total, e os obxectivos de débeda pública provincial unha vez se dispoña dunha proxección razoablemente precisa da liquidación do Orzamento corrente, se teña coñecemento das previsións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre os ingresos procedentes do Estado en concepto de impostos cedidos e fondo complementario de financiamento para o exercicio actual ou se actualice novamente o programa de estabilidade do Reino de España para o período referido, elaborado polo Ministerio de Economía.”

MOCIÓNS

-Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a xestión de parques de bombeiros.

Sr. Requeira Varela

O Tribunal Administrativo de recursos contractuais, dependente do Ministerio de Facenda, acaba de anular o pasado 27 de febreiro, mediante unha Resolución, o concurso para a xestión duns dez parques de bombeiros da Coruña, licitado o pasado mes de decembro. O Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña aprobara, alá polo 20 de novembro de 2014, o expediente de contratación da xestión indirecta da modalidade de concesión administrativa do servizo público de prevención e intervención en emerxencias que corresponde ao Consorcio.

O organismo de recursos contractuais o que di é que admite o recurso da empresa Celtaprix, que impugnara os pregos ao entender que as condicións que establecía o Consorcio provincial contra incendios non se correspondían coas dun contrato de xestión, senón con outro tipo de contratos, que ese prego era a todas luces excesiva para un simple contrato de servizos e, polo tanto, anula o procedemento. No Pleno da Deputación da Coruña do 19 de decembro de 2014, o BNG xa formulara un rogo no que se solicitaba que esta institución trasladase ao Consorcio provincial unha proposta de modificación do punto catro, prazo de contrato e prórrogas, cláusula sete da PCAP, do contrato de xestión indirecta, naquel momento na fase de concurso, co obxecto de que a duración do contrato non fose superior a dous anos, sen opción a prórroga.

Por outra parte, na mesma sesión plenaria, o BNG volveu reclamar un proceso de negociación coa Xunta de Galicia para a prestación directa pola Administración pública dos parques comarcais de bombeiros na liña da posición do Bloque Nacionalista Galego, que vimos mantendo durante todo este proceso.

Por isto, o Grupo Provincial do BNG solicita do Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte acordo:

Que a Deputación da Coruña inicie un proceso de negociación coa Xunta de Galicia para a prestación directa pola administración pública dos parques comarcais de bombeiros.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, por concederme a palabra. Efectivamente, hai unha resolución do Tribunal Administrativo central de recursos contractuais que anula o prego co que se pretendía adxudicar a xestión dos parques polo sistema de contrato de xestión de servizos públicos. Ante isto, eu non entendo, primeiro, que ten que ver unha cousa coa outra, dígoo con todo o cariño, pero ben, ante iso o Consorcio ten dúas actitudes desde o noso punto de vista, ou recorrer a sentenza ou acatala, se a recorre, recórrea, e se a acata ten que facer dúas cousas, modificar os pregos para seguir mantendo un concurso de xestión de servizos públicos, ou modificar os pregos para facer un concurso de servizos.

Por certo, eu pediríalle, Sr. Presidente, que se se modifican os pregos se corrixa algo que, desde o noso punto de vista, non nos parece razoable. Cando se sacou a concurso os parques había sarxentos xefes de parque en todos os parques, e todos tiñan o mesmo soldo. Neste prego dise que no parque de Santa Comba hai un sarxento xefe de parque, que á súa vez é coordinador dos tres parques que xestiona Natutecnia, na provincia da Coruña, no Consorcio hai dous concesionarios que son Veicar e Natutecnia, e Natutecnia xestiona Santa Comba, Cee e As Pontes, e o sarxento xefe, coordinador, encargóuselle por parte do adxudicatario a coordinación deses tres parques, e iso supón un incremento salarial, ou un salario bruto anual de 43.904 euros, cando o salario bruto anual dos restantes sarxentos xefe de parque é de 26.091. O Grupo Socialista pediría que cando se se acata a sentenza, se modifiquen os pregos, se modifique o prego nesta dirección, porque entendemos que ese é un acordo que o concesionario fixo, que non ten por qué obrigar ao próximo concesionario. Imaxinemos que o concesionario decidiu darlle cen mil euros de soldo ao sarxento xefe do parque de Arteixo, é un acordo que fixeron entre os dous, pero non debe de servir para recollelo no prego e poñelo como condición ao novo adxudicatario, entón, pediríalle iso.

Pero seguindo co tema da moción do Bloque, nós formularíamos unha emenda de substitución. Entendemos que o servizo, a xestión directa, teríannos que explicar en qué se beneficia a sociedade para pasar a unha xestión directa, unha xestión directa que vai facer o mesmo persoal cos mesmos medios, non hai ningún beneficio, vaise aumentar a calidade da prestación do servizo?, non, vano facer as mesmas persoas cos mesmos medios. En que se beneficia o bombeiro se pasásemos a unha xestión directa?, primeiro, cónstame que non todos os bombeiros son partidarios da xestión directa, que moitos queren estar como están, pero en que se benefician? Primeiro, a xestión directa paréceme que é o artigo 85 da Lei de bases de réxime local, que di que os servizos públicos municipais poden prestarse directamente ou de forma indirecta, optou o Consorcio no ano 2002 pola xestión indirecta, e quero facer esta aclaración, no 2002, porque nalgúns parques se me atribuíu a min a decisión de que a xestión fose indirecta, e eu entrei de presidente en novembro de 2003. O que fixemos nós no goberno, xunto co Bloque, foi sacar os pregos para a licitación da construción dos parques, construír os parques, dotalos, e poñelos en funcionamento. Pero dicía que o Consorcio tomou unha decisión, e naquel momento eu entendín que era boa, sendo presidente, e entendo que é boa, porque nin gaña a sociedade indo á xestión directa, nin gañan os bombeiros, porque a lei é clara, primeiro, non opera o principio de sucesión universal, polo tanto, se se fai unha xestión directa non pasan a ser funcionarios os bombeiros, nin sequera persoal laboral, porque a Lei do texto refundido da Lei de contratos do sector público di no artigo 301.4 que á extinción dos contratos de servizos non poderán producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal do ente orgánico ou entidade do sector público contratante. Polo tanto, se os bombeiros non van mellorar nada, porque terían que ir a unha oposición pura e dura para pasar a ser funcionarios, e xa digo, moitos bombeiros non queren esa solución, se os bombeiros o que teñen asegurada é a estabilidade profesional, que mentres haxa Consorcio, e existirá no tempo mentres haxa incendios, van seguir aí, teñen a estabilidade profesional, por que queremos facer unha xestión directa? Se vostede me di, Sr. Regueira, que vai gañar o bombeiro e que vai gañar a sociedade con este tipo de xestión, nós estaríamos dispostos a estudar isto con

seriedade, como non o vemos, o noso voto vai ser de abstención, pero si gustaríame formular unha emenda alternativa a esta, de substitución, que estaríamos encantados de votala.

Entendemos que o que fai falta nos bombeiros dos parques de xestión indirecta é que haxa un convenio-marco que iguale as condicións laborais e salariais para todos, por que vai ter unha condición diferente o bombeiro de Arteixo dun bombeiro do Consorcio de Pontevedra?, non ten sentido. E entendemos tamén que sería necesario regular o Estatuto do bombeiro, que figura na Lei de emerxencias de Galicia aprobada no ano 2007, paréceme, e que aínda non se desenvolveu.

Polo tanto, nós estaríamos dispostos a votar favorablemente se o portavoz do BNG acepta substituír a súa moción por estes dous puntos que eu lle vou ler:

Que de xeito inmediato se exerciten as actuacións tendentes á aprobación dun convenio-marco dos bombeiros en Galicia que, como mínimo, homologue as condicións profesionais dos bombeiros dos parques de xestión indirecta e segunda actividade, e que se aprobe o Estatuto de bombeiros nun prazo máximo dun ano tras a participación activa dos bombeiros de Galicia.

Se o acepta estaríamos dispostos a votar que si, e se non o acepta, o voto do Grupo Socialista será de abstención.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente. Sobre a sentenza, creo que o Sr. Moreda aclarouno suficientemente, pero eu creo que os modelos de xestión é algo que nos acostuman dividir a priori, pero que despois, cando estamos na administración, sexa local, sexa autonómica, sexa estatal, ao final todo o mundo facemos uso dos distintos modelos que hai, así podemos falar no seu momento das fundacións, que os utilizaban practicamente todas as grandes cidades, todas as autonomías, e os modelos de xestión indirecta. Eu creo que aquí se poñemos exemplos desde Ribeira, por dicir o primeiro, San Sadurniño, ou Carballo, ou A Coruña, ou Santiago, calquera dos concellos aos que podemos estar representando optan por un modelo ou outro de xestión, normalmente xestións indirectas en determinados servizos, porque se cre que poden estar mellor prestados que pola propia Administración.

Dito iso, eu coincido coas apreciacións do Sr. Moreda, e eu faría as tres grandes preguntas que un se debe formular cando ten que optar por calquera dos modelos de xestión que existen. O primeiro é se o servizo segue sendo público e segue tendo un control público, rotundamente neste caso si.

O segundo como é un servizo que non é novo, senón que xa se está prestando, preguntar se este servizo se está prestando en boas condicións para os cidadáns e para a administración que, en todo caso, o paga. Eu creo que esta resposta tamén poderíamos coincidir todos os prestatarios deste servizo en que está prestado.

E a última dicir “este servizo podería estar mellor prestado se hai unha xestión directa e é a propia Administración quen presta ese servizo directamente?”, eu creo

que non, en primeiro lugar non melloraría, en segundo lugar crearía unhas incertezas que farían que este servizo podería estar incluso peor prestado, e por unha razón clara que a dixo o Sr. Moreda, é dicir, o persoal que agora está capacitado e ademais ten demostrada a súa valía pola cantidade de intervencións que teñen, non tería garantido o que é o seu posto de traballo, posto que tería que ir a un proceso selectivo, co cal se daría un período de interinidade neste propio persoal, un período de aprendizaxe de moita xente que entraría nova sen a experiencia que ten este, que podería facer que lonxe de mellorarse o servizo, empeorárase.

Polo tanto, esas serían as razóns de fondo do noso Grupo para votar en contra do que é a proposta do BNG, pero é que ademais hai outra que ten tamén xa un compoñente máis político, aquí pódese dicir que cando eu governe vou baixar a discrecionalidade desta administración e voua reducir, ou aquí pódese dicir, nós se gobernamos imos ter unha xestión directa. Pero é que resulta que aquí xa todos en cuestión de administrar gobernos, xa todos gobernaron, e cando gobernaron elixiuse precisamente un modelo diferente ao que agora se nos di que van levar adiante. Eu non serei quen diga neste período, e sobre todo nun período que aos cidadáns gústalles escoitar propostas, que a súa proposta non sexa moi interesante, pero tamén igual aos que aquí estamos e representamos aos Grupos, gustaríanos unha coherencia que no momento que se gobernou se tomaran estas decisións que agora se din que se van tomar. Polo tanto, vexo incongruencia no que é a formulación por parte do Grupo político que o presenta e, por outra parte, creo que o modelo polo que se está optando nestes momentos sería prexudicial para a administración que estamos representando, e sería prexudicial para os cidadáns da provincia. Así que, Sr. Presidente, o noso voto está en contra.

Sr. Requeira Varela

Nós, evidentemente imos defender que sexa de xestión pública. Realmente porque cremos que é un servizo público que debeu de estar xa desde o primeiro momento baixo a xestión pública.

É curioso, eu non sei o que opinará disto o Sr. Pedro Sánchez, Sr. Moreda, parécense bastante as alternativas que presentan o Partido Popular e o PSOE, aquí parece que externalizar servizos e meter a empresa privada de cheo en cuestións que debe de prestar a administración, está de moda. Nós non consideramos que deba de estar de moda, senón todo o contrario.

Mire, eu creo que a mellor maneira de garantir que as condicións laborais e o acceso a ese servizo, os salarios, etc., etc, sexan dignos de calidade e iguais para todo o mundo é que sexan unha xestión pública. Entendemos tamén que a calidade dos servizos públicos é unha esixencia dos administrados.

Tamén poderíamos propoñer aquí que os servizos administrativos desta Corporación os prestara unha gran consultora experta en auditorías e en finanzas, e non o facemos, preferimos que haxa un Secretario e un Interventor.

Podemos considerar que a empresa privada é un mundo máis favorable e que temos que reducir á mínima expresión a administración pública, nós estamos na sintonía de todo o contrario. Creemos que os servizos, un servizo tan importante como

o de bombeiros, onde se salvan persoas, ten que ter a máxima salvagarda, e a máxima salvagarda dálla o rigor que ten que ter unha administración pública, porque tamén poderíamos, e seguramente algún globo sonda ao principio deste mandato a nivel estatal se fixo, poderíamos dicir que a policía tamén se podía externalizar, algún, pero algún globo sonda houbo, incluso nalgunha administración pública, nalgunha autonomía, algunha proba se fixo, pero nós cremos que non.

E aquí, casos houbo en accidentes marítimos, nos que o salvamento está externalizado, de mal funcionamento, por cuestión de custo, de custo do servizo.

A administración pública ten que mirar pola calidade na oferta que lle fai aos seus administrados e administradas, e ás veces hai que facer investimento e non fixarse no custo, pero as empresas fíxanse no custo do servizo, e buscan a rendibilidade porque non son nin fundacións de filántropos, nin nada polo estilo, son empresas que necesitan beneficio empresarial, como é normal tamén. Polo tanto, eu creo que podemos comparar outro tipo de prestacións, asistencia técnicas, externalizacións, etc., etc., e seguramente hai algún ámbito da administración que, efectivamente, pódese discutir, pero eu creo que cando se trata dun servizo de emerxencias, importantísimo, que ao mellor oxalá non tivera que intervir nunca, pero por desgraza ten que intervir, cando ten que intervir ten que intervir moi ben, eu creo na eficiencia das administracións públicas, creo no rigor das administracións públicas e no control ao que están sometidas as persoas que teñen responsabilidade nas administracións públicas e, polo tanto, seguimos considerando que ese debe de ser claramente un servizo público, pero é máis, eu teño moito medo ás afirmacións tipo “moita xente”, “moitos din”, ou “moitos bombeiros”, cantos bombeiros?, porque eu tamén podo dicir que este Grupo, que escoitou a bombeiros, os moitos bombeiros que nos formularon cuestións sobre o Consorcio provincial de bombeiros nos din que o servizo debiera de ser público. Entón non sei cantos son os seus moitos bombeiros, eu podo dicir cantos son os moitos bombeiros que mo din a min, entón aí poderíamos discutir. Pero, en rigor, eu considero que un servizo destas características, tipo policía, bombeiros, servizo de emerxencia, servizos sanitarios, etc., etc., deben ser público por garantía, por garantía de servizo e non de custo. Manter a mesma a moción.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Creo que o Sr. Regueira non distingue entre xestión indirecta e privatización, son dúas cousas diferentes. A policía nunca se pode exercer de forma indirecta porque é un axente da autoridade, si, dío a lei, dío o artigo 85 da Lei de bases de réxime local, dío tamén a Lei de contratos do sector públicos, di “En ningún caso poderán prestarse por xestión indirecta, nin mediante sociedade mercantil de capital social, exclusivamente local, os servizos públicos que impliquen o exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos”. Polo tanto, a policía xamais poderá ser un servizo prestado por xestión indirecta, nunca.

Segundo, creo que confunde o que é a xestión indirecta coa privatización, é dicir, unha cousa é privatizar un servizo público, e outra cousa é xestionar un servizo público de forma indirecta, é dicir, se ti privatizas un servizo público, quen pasa a ser propietario dese servizo é a empresa, e a empresa é a que pon as condicións. Se ti xestionas, externalizas, mediante xestión indirecta, un servizo público, por certo, o

servizo provincial de bombeiros é un servizo público xestionado de forma indirecta, se ti externalizas, é quen ten a titularidade, neste caso o consorcio a través dos pregos, os que din a calidade que esixe dese servizo, os dereitos e os deberes dos usuarios dese servizo, os horarios, se é preciso, os soldos, os salarios, todo, é o que determina. Polo tanto, non estamos falando de privatizar, que eu sería contrario a esa privatización, por outra parte non o permite a lei.

O que estamos dicindo é que entendo tamén que algúns confundan, eu non, eu non penso que a xestión directa sexa de dereitas, unha opción de dereitas, e a xestión indirecta unha opción de esquerdas, iso é unha formulación ideolóxica que me parece desfasado, porque se imos facer a xestión directa en todos os servizos públicos que están externalizados entón teríamos que facer funcionarios aos traballadores da hora, teríamos que facer funcionarios aos traballadores da limpeza e da recollida dos residuos sólidos, teríamos que facer funcionarios aos traballadores da Inspección Técnica de Vehículos, teríamos que facer funcionarios aos condutores do servizo municipal de autobuses, ou non? Eu non sei cal é o modelo de administración que queremos, pero desde logo os socialistas non defendemos ese modelo de administración, defendemos un Estado forte, pero tamén que conviva cun mercado forte, controlado e regulado por ese Estado, pero non queremos un Estado que anule todo o demais.

Eu creo sinceramente, se me poñen enriba, a min non, que xa me vou, pero ao meu partido lle poñen enriba da mesa as vantaxes que hai para os bombeiros, e as vantaxes que hai fundamentalmente para a sociedade, para que un servizo que está funcionando no que eu sei, ben, eu non coñezo que haxa propostas dos usuarios dos bombeiros, e por certo canto menos traballo mellor, se alguén me di que gaña a sociedade con iso, eu creo que o meu partido estaría disposto a votar que si á xestión directa, sabendo que prexudicaríamos aos bombeiros, porque non hai, como dicía antes, non opera o principio de sucesión universal, e non pasarían a ser funcionarios nin persoal laboral, terían que presentarse a unha oposición e aprobala, e moitos bombeiros non están dispostos a facer iso, porque están ben como están, outros si sei que queren unha xestión directa, porque dixéronmo a min, e falaron comigo, pero estas son as cuestións nas que nos movemos.

Gustárame, Sr. Regueira, que aceptase as modificacións que lle propoñemos porque se falaba de unificar condicións laborais, eu propoño un convenio marco, que se negocie un convenio marco para todos os bombeiros dos consorcios das catro provincias de Galicia, que é razoable e que se homoxeneice a formación, e que se homoxeneicen todos os equipamentos dos parques, é razoable, que se faga un Estatuto dos bombeiros onde se regule a segunda actividade, é razoable que se regule a segunda actividade, hai bombeiros que xa están entrando nunha idade, que precisan disto, estamos dispostos a facelo e a estudalo, o outro estamos dispostos a facelo tamén se nos convencen da bondade.

Sr. Presidente

Unha anotación, o Tribunal administrativo de recursos contractuais, o seu carácter son resolucións administrativas, non sentenza, digo porque ás veces no vocabulario podemos empregar algunhas palabras que leven a confundir os termos. De todos os xeitos, comunicarlles que onte mesmo houbo unha reunión do Consorcio

provincial de bombeiros da provincia da Coruña e decidiuse por unanimidade de todos os seus membros acatar esa resolución e volver sacar os pregos como un contrato de servizo público. É certo que podería ser recorrida, é certo que tiñamos moitos argumentos para poder recorrela e é certo que durante toda a historia ou toda a existencia deste consorcio, sempre se fixo como contrato de xestión de servizos públicos, agora alguén recorre, a única consecuencia práctica é o período de concesión dos parques que se licitaban, o cal repercute nós cremos que negativamente sobre os parques porque canto maior sexa o prazo, máis melloras ían presentar as empresas licitadoras, as que se presentaran, e polo tanto podían facer unha mellora mellor, se non é así facémolo por menos tempo, por menos prazo, que non hai ningún tipo de problema por parte do Consorcio, se é como se fai, volveremos sacar os pregos e resolverao sen dúbida a seguinte Corporación, pero é o que sempre se fixo neste Consorcio.

E outra cousa máis, seguimos falando dun servizo público, Sr. Regueira, este é un servizo público, a titularidade é pública, o orzamento é público e, polo tanto, é un servizo público. Eu xa sei que no debate sobre todo algún partido intenta trasladar unha opinión distinta, pero é curioso, porque vostede que é de Carballo, supoño que o servizo de recadación das multas, que no caso da Deputación da Coruña é un servizo público de carácter público, con funcionarios públicos, no caso de Carballo, onde vostede ademais é membro da Corporación e gobernan dende hai anos, téñeno externalizado,..., todos non, hai algunhas cousas que non, as multas si, pero outras cousas non, ben, ben, pero entón, ese servizo que teñen externalizado non ten unha calidade do servizo público que merece?, os veciños de Carballo están tendo por parte do Goberno de Carballo un servizo público distinto?, quero dicir, claro, todos falamos dos demais, pero resulta que vostedes onde gobernan non o fan. En Carballo teñen parte dos servizos encomendados a unha empresa privada, paréceme perfecto, non teño ningún problema, é unha decisión do goberno, e fana, en San Sadurniño acaban de abrir unha escola infantil e externalizaron o servizo, foi feita grazas ao orzamento da Deputación que lle demos ao Concello, pero tamén é un servizo externalizado dunha empresa privada. Entón, claro, onde gobernan aplican o que consideran conveniente, e despois veñen dando leccións de xestión dos servizos públicos. Eu creo que iso, en fin, alá cada un cos seus argumentos.

E agora se quere remate vostede a intervención.

Sr. Regueira Varela

A actual lei aprobada polo Partido Popular de estabilidade orzamentaria non nos permite nin contratar bedeis, non nos permite facer reposición de efectivos no Conservatorio de grao medio e dinnos que temos que contratar asistencia técnica. Carballo, por certo, ten o servizo de axuda no fogar, público, é dos poucos da provincia que o ten público, de moitísima calidade, con catorce traballadoras de axuda no fogar, e todo o que podemos manter no ámbito do público, e que temos os recursos humanos suficientes para facelo, facémolo, pero por desgraza hai unha administración pública que nestes momentos non nos deixa contratar persoal que non sexa de corpos e forzas de seguridade, é dicir, policía si, e o que teña que ver coa recadación e os tributos. Polo tanto, aí habería moito que falar de como se deseñan as políticas que nos obrigan a todos, e non foi o BNG nin quen as redactou nin quen as aprobou.

En todo caso, Sr. Moreda, eu entendo perfectamente a diferenza dun servizo privatizado ou externalizado. Agora ben, vostede venme dicir que é a mesma calidade, os bombeiros teñen os mesmos dereitos, se vostede na súa argumentación falou de diferenzas entre as xestións duns parques e outros, e das diferenzas entre os salarios do persoal duns parques e outros, pois eu dígolle que o mellor convenio marco e o mellor Estatuto de bombeiros é que sexa un Estatuto onde realmente a administración pública preste por si mesma ese servizo, e non estamos falando ao mellor dunha iluminación pública, que eu non estou dicindo aquí que absolutamente todos os servizos que se lle prestan á cidadanía teñan que ser prestados polo propio concello, ou pola propia Xunta, ou pola propia Deputación, eu non estou dicindo iso, estou dicindo que hai certos servizos que nós consideramos, que o BNG considera, que deben ser claramente públicos, pero que teñen que estar no ámbito da prestación propia, e non me diga vostede que non poden ser funcionarios ou persoal laboral, claro que si, teñen que opositar, faltaría máis, serían persoal laboral e teñen que opositar, e dígolle outra cousa xa para acabar co tema da lei e da legalidade e todo iso. Mire vostede, eu ben sei cal é a lei respecto da policía, tamén ben sei os primeiros globos sonda que se mandaron sobre certos servizos que presta a policía, e o que se pretendía facer, é máis, algunha administración pública púxoos en marcha, pódese comprobar, en Cataluña externalizáronse servizos de vixilancia de rúas ao principio do mandato actual, externalizáronse.

Polo tanto, non me diga a min o da lei, porque a lei, segundo lle conveña ao sistema, cambia, e vostede sábeo, cambia a lei máxima, a Constitución española cambia en corenta e oito horas segundo para que, para beneficiar aos bancos, polo tanto iso non é un argumento. En todo caso eu digo que servizos como policía, sanidade, educación e servizos de emerxencia eu sempre considero que son máis garantistas estando dentro do ámbito da prestación propia polas administracións, e pode ser controvertido ou pode ser opinable, para iso están PP e PSOE que opinan diferente, faltaría máis, e os cidadáns teñen que decidir entre unhas opcións e outras. Nós entendemos que o que pedimos nesta moción é posible, é bo para o servizo, e é bo para a cidadanía en canto á calidade, nada máis, vostedes opinan diferente, cada un ten que opinar o que lle pareza.

Sr. Presidente

Sr. Regueira, hai catro anos non había lei Montoro e vostedes tiñan privatizado o servizo de Recadación, pero levan moitos anos gobernando e non o fan, por iso lle digo eu, que vostedes din unha cousa e fan a contraria. Nós dicímolos claramente, cremos na xestión indirecta en determinados servizos, vostedes din unha cousa e fan a contraria, ben, pois cada un está onde lle corresponda.

VOTACIÓN

Votan a favor: 5 deputados (BNG)
Votan en contra: 17 deputados (PP)
Abstéñense: 11 deputados (PSOE)

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Seixas Naia

Bo día a todos e a todas. É un rogo e unha pregunta sobre un mesmo tema. Nestes días, e xa hai uns meses, ten aparecido nos diferentes medios de comunicación novas referentes a unhas conversas entre o Concello da Coruña, a Deputación e a Universidade, para a conversión do Calvo Sotelo en residencia universitaria. Nestes días, concretamente o 25 de marzo, aparecía unha nota, penso que da Universidade da Coruña pero na que tamén aparecían declaracións do propio presidente da Deputación, porque parece ser que este proxecto, ou estas conversas que houbo están paralizadas e non se sabe absolutamente nada. O primeiro é un rogo, a nós gustaríanos que este tipo de cuestións puidesen comentarse nalgunha das comisións informativas que temos todos os meses e que non tiveramos que sabelo, así de pasada, polos diferentes medios porque creo que é un tema interesante para o debate o feito de que haxa unha residencia pública na Universidade.

E despois varias cuestións, saber cando se comezaron estas xestións aproximadamente, que traballo se ten feito ata este momento na propia Deputación da Coruña, dado que esa infraestrutura é propiedade da Deputación, e en que punto están esas negociacións. Cales son os motivos de que non se estean cumprindo, en principio, digo o de cumprindo con precaución, eses prazos dos que se falaba aquí, aquí falábase por parte do reitor de que a principios deste ano ía haber unha intención de asinar un protocolo para poder reformar xa ese edificio, se eses prazos se acordaron nalgún momento e por que non se fai unha xuntanza oficial, tal e como se pide desde a Universidade da Coruña para tratar o tema, porque aquí estase facendo a queixa, ou esas son as declaracións que se fan, de que non se está dando contestación ás chamadas que se fan desde a Universidade para tratar esta cuestión. E se hai un compromiso claro por parte do presidente da Deputación de que na cidade da Coruña haxa unha residencia pública para a Universidade.

Sr. Regueira Varela

Non é unha pregunta, é un rogo. Hai poucos días celebrouse aquí unha charla informativa, entre aspas, sobre TIP, simplemente un rogo, creo que algo de tanto calado a nivel mundial e tan controvertido, nós entendemos que, efectivamente, a Deputación pode organizar un acto para aclarar este tipo de cuestións e está ben, pero gustaríanos que algo tan controvertido que conte polo menos coa posibilidade de que nos relatorios haxa diferentes puntos de vista, seguramente sexa máis clarificador para todo o mundo, polo tanto, se hai algo parecido ao TIP no futuro, de aquí a que se disolva esta Corporación se teña programado, que polo menos se poidan escoitar diferentes opinións, porque consideramos que vai ser moito máis interesante e moito máis plural a fotografía que poida resultar desa programación.

Sr. Presidente

Empezando polo final, a verdade quero felicitar a Europa Direct pola iniciativa de facer unha xornada para falar deste tema, é certo que había unha manifestación fóra do edificio e que se invitou a participar pero rexeitaron a invitación, polo tanto, en

fin, como queiran. De todos os xeitos esa controversia que vostede di eu véxoa moito máis limitada do que vostede manifesta porque esa controversia existe en moi poucas persoas, ou grupos ou opinións, desde logo a opinión maioritaria é que é un avance importante que pode supoñer grandes oportunidades, entre eles para empresa galega, e creo que a resposta da xente que participou demostra que, efectivamente, todas esas persoas que participaron, e sobre todo a quen representaban, que pensaba o mesmo. De todos os xeitos, se facemos algunha iniciativa máis estará aberta, e se vostedes nalgún momento, se nos despistamos e vostedes o advirten, pódennolo dicir que incluiremos calquera opinión.

E respecto á residencia universitaria, imos ver, creo que moitas destas preguntas teríallas que preguntar ao reitor, porque é el o que está a falar, é el o que está a dar toda a información, el saberá de que fala, polo tanto creo que é o que lle pode subministrar a maior parte de datos que vostede demanda aquí, porque eu non os teño.

Dígoo porque, efectivamente, si houbo unha xuntanza para valorar a posibilidade de que no Calvo Sotelo puidese establecerse unha residencia universitaria, a día de hoxe xa a hai, e esa é unha das posibilidades que temos valorado, e non se tomou ningunha decisión por parte da Deputación, nin tampouco temos ningún prazo para tomar ningunha decisión. Ao igual que sabe vostede que a xestión do patrimonio que ten esta Deputación é extenso, hai edificios aos que seguro que se lles pode sacar moitísimo máis partido, desde logo estaríamos satisfeitos se lográramos achegar algunha idea ou quitarlle partido. Quedan dous meses deste mandato, seguramente ese tipo de decisión corresponderalle á Corporación seguinte tomala, pero loxicamente, nós o único que fixemos foi ver esa posibilidade, estudala e nada mais, quedamos de falar, e o que si non vou permitir é que o reitor diga que non o atendemos, porque eu estiven falando a semana pasada con el en Ferrol nun acto, e xa sei que o dixo, pero desde logo eu non me meto nas cousas da Universidade, esta mesma semana saía nos medios de comunicación o enorme patrimonio que tiña a Universidade da Coruña en todos os campus, no campus de Ferrol e no campus da Coruña, non lle vou dicir como organiza a súa Universidade e supoño que o reitor non quererá organizar a Deputación, para iso estamos os trinta e un deputados que estamos aquí. Pero se ten algunha dúbida máis, esta é a información que lle podo dar, supoño que o reitor lle poderá dar máis.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e quince minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.